

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FIN DO CAMIÑO
CURSO: 2º ESO
MATERIA: INTELIXENCIA EMOCIONAL E PARA A CREATIVIDADE
DEPARTAMENTO: ORIENTACIÓN
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 2º ESO**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Bloque 1 : Percepción e expresión Emocional.

B1.1. As sensacións corporais asociadas ás emocións.

B1.2 As emocións básicas. Tipos e clasificación

B1.3 Linguaxe e expresión emocional

Bloque 2 : Conciencia e comprensión emocional.

B2.2.1. Relación entre pensamentos e emocións.

B2.2.2. Simultaneidade, progresión e transición nas emocións.

B2.2.3. A empatía.

B2.3 A comprensión, razoamento e interpretación das súas emocións e a dos demais

Bloque 3: Autonomía Emocional.

B3.1.1 Influencia das emocións no xeito de interpretar os feitos ou cousas.

B3.1.2 Influencia das emocións positivas e negativas na creatividade, a atención e no benestar da persoa.

Bloque 4: Regulación Emocional.

B4.1 Técnicas de respiración, de atención plena, relaxación e introspección.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Percibe as emocións básicas.	IEC1.1. Identifica as sensacións corporais asociadas ás experiencias emocionais básicas.
B1.2. Coñecer e clasificar as emocións básicas.	IEC1.2.1 Nomea e comprende as emocións básicas. IEC1.2.2 Clasifica as emocións básicas
B 1. 3 Expresar as emocións básicas	IEC1.3.1 Expresa emocións en contextos simulados de xeito preciso e con fluidez IEC1.3.2 Utiliza un vocabulario emocional amplo. IEC 1.3.3 Realiza en grupo vídeos e presentacións virtuais sobre as emocións
B2.2 Percibir e recoñecer os estados emocionais propios e alleos con significado.	IEC2.2.1 Describe e valora a relación entre pensamentos e emocións en sí mesmo, en situacións reais concretas. IEC2.2.2 Enumera diferentes estados de ánimo. IEC 2.2.3 Identifica emocións nos demais.
B2.3 Comprender e analizar as emocións en relación a un suceso desencadéante	IEC 2.3.1 Rexistra as consecuencias máis probables en si mesmo e nas outras persoas en relación a sucesos ou casos simulados
B3.1 Identificar, xerar e utilizar as emocións de cara a favorecer os procesos cognitivos e o benestar persoal	IEC 3.1.1Relata exemplos persoais de influencia das emocións básicas nos pensamentos, actividades e comportamentos
B4.1 Identificar e aplicar estratexias de regulación emocional.	IEC4.1.1Practica na casa as técnicas de relaxación, atención plena e introspección

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>A avaliación da 1ª e 2ª segue o disposto na programación didáctica</p> <ul style="list-style-type: none">• A NIVEL XERAL: <i>Probas individuais</i> escritas unha por trimestre na 1ª e 2ª avaliación, sobre os estándares de aprendizaxe, corrixiadas de 1 a 10 puntos, na que o 5 supón unha comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa sobre os estándares mínimos están comprendidos na resposta . Supón o 40% da nota final <i>Rúbricas específicas:</i> -Traballo en equipo, con escala de 0-4. Supón o 20% -Roll playing ou simulacións, con escala de 0-4. Supón o 20% -Táboa de autoobservación das relaxacións, con escala de 0-4. Supón o 10% -Investigación, con escala de 0-4. Supón o 10% <ul style="list-style-type: none">• A NIVEL ESPECÍFICO SEGUNDO OS BLOQUES DE CONTIDOS <u>Bloque 1 y bloque 3: temporalización 1º trimestre:</u> Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta. Procedemento e instrumento de avaliación: proba escrita <u>Bloque 2 : Temporalización: Xaneiro</u> Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta Procedemento e instrumento de avaliación: valoración do traballo realizado en grupo segundo a rúbrica “Traballo en equipo” de 1-4 <u>Bloque 4:Febreiro ata fin de curso (repaso e ampliación)</u> Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta Procedemento e instrumento de avaliación: “Táboa de autoobservación de relaxacións” de 1-4 e dende a 2ª metade de marzo ata final de curso “Diario Emocional do Confinamento” <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• proba escrita con preguntas a desenvolver no 1º e 2º trimestre.• valoración do traballo realizado en grupo segundo a rúbrica “Traballo en equipo” de 1-4• Táboa de autoobservación de relaxacións” de 1-4• Realización e entrega cunha precocidade quincenal dun “Diario Emocional do Confinamento”
-------------------	--

Cualificación final	<p>Conforme as indicacións do Ministerio e Consellaría de Educación, para superar a materia deberá superar a primeira e segunda avaliación.</p> <p>Polo tanto todo o alumnado xa ten superada a materia</p> <p>A cualificación final será a media da 1ª e a 2ª avaliación.</p> <p>O traballo da 3ª avaliación terase en conta para fixar a cualificación final cando a súa valoración sexa positiva. En ningún caso, a ausencia ou valoración negativa das tarefas do período de alerta repercutirá negativamente na cualificación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non haberá suspensos, xa todo o alumnado ten cualificación positiva como expliquei anteriormente.</p> <p>A proba de setembro, se fora necesario que en ningún caso é, realizarase de xeito presencial conforme ao establecido na programación, sempre en cando as autoridades educativas e sanitarias non dispoñan novas medidas de confinamento.</p>
Alumando con materia pendente	<p>Non existe alumnado con materia pendente</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Ata finais de marzo completáronse as unidades e bloques temáticos que estaban parcialmente desenvolvidas antes do período de alerta.</p> <p>En abril foi cando o alumnado empezou a desenvolver un “Diario Emocional no confinamento” onde debía relaxar o aprendido sobre percepción das emocións, conciencia e comprensión das mesmas e autonomía emocional e poñer en práctica da regulación emocional a través de diferentes vídeos de relaxación facilitado o alumnado telemática mente.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Actualmente, todo o alumnado en acceso a ordenador e conexión a internet, ben mediante wifi, cable ou datos móbiles.</p> <p>A canle de traballo realízase a través da plataforma de Classroom.</p> <p>Se está a elaborar un Diario Emocional por parte do alumnado con formato libre cada 15 días, co cal serán 4 entregas neste período de confinamento, con flexibilidade polos problemas de conectividade ou derivadas de situacións persoais.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Foro de dúbidas a través de correo.• Exercicios de relaxación e control de ansiedade a través da visualización de vídeos (o resultado súbese en foto á aula virtual)..• Classroom de Google. Meet de Google.• Chamada telefónicas• Control e comunicación de traballo a titores e equipo directivo: correo electrónico e documentos de uso interno.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A comunicación co alumnado realízase mediante o foro da <i>Classroom</i> e EDIXGAL, o emprego de correos electrónicos e as vídeo-conferencias ou chamadas telefónicas.</p> <p>A comunicación de titoría cas familias realízase mediante os correos electrónicos, a mensaxería de ABALAR e por vía telefónica.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.